



Concello de
Ribadeo ★

**RIBADEO, NOS
CAMIÑOS DA
IGUALDADE**

A desigual presenza nas rúas e prazas da vila é heranza da nosa historia androcéntrica, aquela que se centra exclusivamente na mirada masculina. A historia nunca se escribiu con nome de muller, pese a que contribuímos cos homes a realizala.

Nos últimos anos estase a achegar unha visión da vila onde facer visíbel esa metade da poboación, unhas veces obviada, outras silenciada mais sempre activamente presente que é a das mulleres. O contributo de moitas delas á nosa historia precisa dun recoñecemento público e unha forma pode ser mediante a identificación das rúas cos seus nomes.

No 2008 iniciaramos unha campaña co obxecto de feminizar o rueiro da vila. Desde aquela incorporáronse nomes de mulleres ribadenses que deixaron pegada. Tedes nas vosas mans un rueiro en feminino, onde nos aproximamos a esas figuras femininas que a día de hoxe contan cunha rúa, praza ou parque en Ribadeo. Nomeando esas mulleres e esas datas simbólicas damos un pulo á súa existencia..



Música e compositora. Foi compositora do grupo de gaiteiras Saudade. Nos anos vinte, acompañaba as orquestras que tocaban no Círculo o piano. No pazo de Guimarrán conservase unha foto de Brindis de Salas, violinista cubano, ao que Amadora acompañou nas súas actuacións en Ribadeo .



Desenvolveu unha intensa actividade filántropa en Ribadeo con obras no hospital desta vila, na igrexa parroquial de Santa María do Campo e no sostento do comedor social. Tamén se lle atribúe a creación dun gran centro de ensinanza e instrución. Foi nomeada filla adoptiva de Ribadeo.



Luz Pozo Garza (Ribadeo 1922) é unha ilustre poeta galega. Ten estudos musicais que deixarán unha singular pegada na súa poética, estudos de maxisterio e de filoloxía románica. Desenvolveu en Vigo unha longa traxectoria de docente de Lingua e Literatura española no ensino secundario, xubilándose en 1987 no

instituto de Nigrán. Entre 1975 e 1976 codirixiu a revista Nordés xunto a Tomás Barros. Promoveu tamén a creación da revista Clave Orión. É membra da Real Academia Galega dende 1996. O seu discurso de ingreso na RAG titulouse Diálogos con Rosalía.



Natural de Viveiro (1877), foi a primeira muller que seguiu estudos de ensino secundario no Instituto de Lugo e obtivo o título en 1896. Foi tamén a primeira en obter a licenciatura en Farmacia (1901) e a primeira en rexentar unha establecemento deste tipo en Ribadeo.



Banda de gaitas formada exclusivamente por mulleres, a primeira banda feminina en Galiza e no Estado. Saudade nace baixo o mecenádego de Carlos Suárez Couto en 1960. A indumentaria que usaban era típica ribadense do S. XVIII. Para a confección dos traxes documentaronse na Real Academia Galega, no Ballet Galego da Coruña e en cadros do pintor Dionisio Gamallo Fierros. Dirixiu a confección dos traxes Matilde García de Paredes.

Inauguraron o ferrocarril da Costa e o primeiro barco de Pescanova en Vigo, filmáronas en Betanzos para a película Asi es Galicia (dirixida por Santos Núñez, 1964) e no documental de Galicia Insólita apareceron no NO DO. Estiveron no Gran Teatro de Lisboa, na Televisión portuguesa e percorreron Galicia e Asturias. En 1997, a raíz da súa aparición na TVG, Saudade desfilou por última vez polas rúas ribadenses na Cabalgata de Reis.



(Santiago de Compostela 1837 - Padrón, 1885)

Escritora, poeta fundadora da literatura galega contemporánea e a primeira feminista no País. Rosalía representa xunto con Eduardo Pondal e Curros Enríquez unha das figuras emblemáticas do Rexurdimento galego. É considerada xunto con Gustavo Adolfo Bécquer a precursora da poesía española moderna.

En prosa e en verso, en galego e castelán, a obra de Rosalía de Castro ocupa un lugar moi relevante nas letras europeas do século XIX. Os seus manifestos feministas ("Lieders" e "Las literatas"), o seu avanzado pensamento político e social (Follas novas, El caballero de las botas azules) ou a súa decidida posición crítica como intelectual convértena nunha figura literaria que concita sempre un renovado e múltiple interese.

Rosalía de Castro contribuíu como ningún outro autor ou autora do seu tempo na xénesis e afirmación do sistema literario galego contemporáneo.



Nace en Cádiz en 1911 e ingresa en xuño de 1938 na congregación das Fillas da Caridade. Ese mesmo ano traslándose a Ribadeo onde permanece até a súa morte no 2001. Impartiu clases de música no Colexio Sagrado Corazón de

Xesús sendo directora dos grupos que cantaban nas misas e preparando pezas relisioxas para o coro. No 1990 noméase, pola súa dedicación á música e á ensinanza, membra de honra da Coral Polifónica.



Ferrol 1820 - Vigo 1893.

Escritora realista vincellada ao pionero movemento feminista de finais do século XIX. Estudou Dereito na Universidade Central de Madrid vestindo roupas masculinas xa que nesta época a educación universitaria estaba vedada ás mulleres.

En 1863 convértese na primeira muller que recibe o título de "visitadora de prisións de mulleres". Os seus escritos traducidos a diversos idiomas serviron de base para a reforma do sistema penitenciario español. A súa ampla bibliografía xira arredor de tres temáticas: a cuestión social, a penitenciaría e a feminina.



No ano 1911 celebrouse o primeiro Día Internacional da Muller Traballadora no que participaron publicamente máis dun millón de mulleres. Ademais do dereito ao voto e a ocupar cargos públicos, demandaban o dereito a traballar, á ensinanza vocacional e á non discriminación no traballo. No 1977 as Nacións Unidas institúen o 8 de Marzo como o Día Internacional da Muller.

As loitas das mulleres galegas tamén tiveron o seu eco nas vindicacións formuladas nos anos 70 polas mulleres da industria conserveira, polas labregas, polas empregadas do fogar e do sector textil, até hoxe en día con reivindicacións tan vixentes e actuais como "mesmo salario a mesmo traballo".



